



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

### ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO DA PRAZA DE OFICIAL ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA AUXILIAR, INCLUÍDA NA OEP 2020, CELEBRACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO

Sendo as 8:30 horas do día 6 de xullo de 2021, na Casa do Concello de Bergondo, xúntanse os integrantes do Tribunal cualificador constituído en sesión do 10 de xuño de 2021, baixo a Presidencia de Laura Gutiérrez Ortiz (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo), os vogais, Federico Suárez Cancelo (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Oroso), Raúl Martínez Martínez (funcionario de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Cerceda) e Gema Vázquez López (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Abegondo), actuando como secretaria, Ana María Cacharrón Castelos (funcionaria de carreira con habilitación de carácter nacional do Concello de Bergondo)

Existindo quórum suficiente para as actuacións do día de hoxe, polo Tribunal compróbanse os medios e as condicións para a realización do terceiro dos exercicios da oposición, regulado na base 8ª as bases específicas (BOP núm. 49 do 15.03.2021).

A continuación o Tribunal trasládase á sede da realización do terceiro exercicio da oposición, no CPI Cruz do Sar do Concello de Bergondo.

As 9:00 horas, procédese ao chamamento único dos aspirantes, segundo o disposto na Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021). Segun finalizou o mesmo, preséntase a aspirante Sisto Ramos, Margarita, indicándose polo Tribunal que xa se ten rematado o chamamento. Dado que varios aspirantes indican ao Tribunal que viron á candidata antes de comezar o chamamento no exterior do lugar do exame, pregunta o Tribunal se tódolos aspirantes están de acordo en admitir a realización do exame pola candidata, e inquirindoos ata en dúas ocasións, para que se alguén non está dacordo o indique expresamente. Ningún aspirante oponse á realización do exame pola candidata. Polo que o Tribunal, nunha interpretación das bases favorable á aspirante, dado que na acta de convocatoria ao terceiro exame da oposición non se especificaba que o lugar de chamamento era o comedor do colexio CPI Cruz do Sar, sito nun lateral con entrada independente do edificio do Colexio, e non o que sería a porta principal do CPI Cruz do Sar, que era o sinalado como lugar de chamamento, permite á aspirante realizar o terceiro exercicio da oposición.

Os seguintes candidatos, logo da comprobación da súa identidade, proceden á realización do terceiro exame da oposición:

| Nº | Apelidos e Nome             | DNI       |
|----|-----------------------------|-----------|
| 1  | ARES CAMPELLO, SANDRA MARÍA | ***8008** |
| 2  | BELLO SÁNCHEZ, LUCÍA        | ***7849** |
| 3  | FRAGA PAZOS, CRISTINA       | ***0908** |
| 4  | GARCÍA SEOANE, JOSÉ LUIS    | ***1805** |

|    |                                 |           |
|----|---------------------------------|-----------|
| 5  | GRAÑA GRANDÍO, ANA              | ***2997** |
| 6  | HORNILLOS LERA, LIDIA           | ***0320** |
| 7  | LÓPEZ RODRÍGUEZ, SANDRA         | ***5131** |
| 8  | PADÍN REY, JÉSSICA              | ***0230** |
| 9  | PARRA DÍAZ, CELIA               | ***8804** |
| 10 | PÉREZ VÁZQUEZ, DIGNA MONTSERRAT | ***8536** |
| 11 | SÁNCHEZ CALVO, LUCÍA            | ***5293** |
| 12 | SISTO RAMOS, MARGARITA          | ***8015** |
| 13 | SOTO DE FIGUEIREDO, JENNIFER    | ***3082** |

Polo Tribunal infórmase aos aspirantes das normas que rexerán a execución do exercicio e dáse lectura á base 8ª, terceiro exercicio das bases específicas (BOP núm. 49 do 15.03.2021):

**“Terceiro exercicio:**

*De carácter práctico. Consistirá en demostrar coñecementos de réxime xurídico das administracións públicas e especificamente do réxime local, así como das restantes materias do Anexo II a través dun ou varios exercicios prácticos propostos polo tribunal a desenvolver durante un período máximo de dúas horas. Os aspirantes poderán acudir provistos de normativa en formato papel sen comentarios e sen que poidan acompañarse de libros de formularios ou manuais. Valorarase neste exercicio o coñecemento da normativa e resolución dos problemas prácticos plantexados así como a capacidade de redacción e síntese, a claridade, orde das ideas, e a facilidade de exposición escrita.*

*O exercicio será cualificado de 0 a 10 puntos, e será preciso alcanzar un mínimo de 5 puntos para superalo. O aspirante que non acadese 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.*

*Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima..”*

- No propio exame, indícaselles o desglose da puntuación por cada un dos apartados nos que consiste o exercicio.
- A proba garante o anonimato dos aspirantes. Para o cal, deberán cubrir o folio que se lles entrega nun sobre pequeno, no que figura un código numérico, cos seus datos personais. Ese folio, introducirase unha vez cuberto e asinado, no sobre pequeno que guardárase pechado dentro do sobre grande, xunto co exame. No exame só poden poñer o número asignado *sin ningún outro tipo de marca nin dato nin sinatura*.
- Deberán apagarse e guardarse os teléfonos móbiles antes de iniciar a proba

A continuación sendo as 9:12 horas comeza o exercicio dispoñendo os aspirantes de dúas horas, ata as 11:11 horas para a súa execución.

Rematado o exame, o Tribunal trasládase á Casa do Concello de Bergondo retomando a sesión ás 12:00 horas e procedendo á corrección do terceiro exercicio.



## CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

O resultado da corrección é o seguinte, indicando código do aspirante e nota acadada:

| CÓDIGO | NOTA |  | CÓDIGO | NOTA |
|--------|------|--|--------|------|
| 64     | 5,50 |  | 137    | 4,10 |
| 122    | 5,95 |  | 24     | 4,00 |
| 40     | 3,70 |  | 14     | 5,90 |
| 15     | 4,00 |  | 20     | 5,80 |
| 4      | 7,35 |  | 1      | 8,40 |
| 70     | 5,30 |  | 100    | 7,60 |
| 67     | 5,00 |  |        |      |

Finalizada a corrección do terceiro exame da oposición o Tribunal, por unanimidade, **ACORDA:**

**Primeiro.** Publicar a corrección do terceiro exame no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica e na páxina web municipal, outorgando un prazo de dous días hábiles, contados dende o seguinte á apertura pública dos sobres coa identidade dos aspirantes no terceiro exercicio.

**Segundo.** Sinalar como data do ato público de apertura dos sobres coa identidade dos aspirantes, **o xoves, 8 de xullo de 2021, ás 9:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello**, coa presenza da Presidenta e da Secretaria do Tribunal.

**Terceiro.** - Sinalar como data e lugar do **cuarto exame da oposición, o mércores 14 de xullo de 2021, ás 9:00 horas, no Edificio Cultural A Senra do Concello de Bergondo (edificio sito ao carón do CPI Cruz do Sar)**

**Cuarto.** Manter para a realización do cuarto exercicio da oposición as medidas de prevención do COVID-19 sinaladas na Resolución da alcaldía núm. 625/2021, do 31 de maio, publicadas no BOP núm. 102 do 02.06.2021.

**Quinto.** Publicar o acordado no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica (Base 7ª.1 das Bases xerais reguladoras dos procesos de selección das prazas incluídas nas ofertas de emprego público 2020 e 2021 (publicadas no BOP núm. 43 do 05.03.2021).

Non sendo outro o obxecto desta xuntanza, dáse por rematada a mesma, redactándose a presente acta que se asina de xeito telemático a través da sala de sinaturas de portafirmas dependente da Deputación Provincial da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portafirmas/>) por tódolos integrantes do Tribunal. Dou fe; a secretaria

A Presidenta

Os/as Vogais

A secretaria